



AS MAIMIÑAS: Volta, Revolta e Reviravolta

Espectáculo con cantigas, coreografías, bailes... dirixidos a nenos e nenas... e a maiores!!!

As Maimiñas realizan un espectáculo para ocio en familia, dunha hora aproximada de duración, onde os nenos e as súas familias coñecen as aventuras destas dúas rapazas polo mundo adiante.

Nesta ocasión os nenos son o noso fío condutor, e tamén parte importante do espectáculo, xa que son parte activa nel.

Duración: 1 hora

Público: familiar

A MÚSICA DA AUGA

O músico Servando Barreiro e o contacontos Anxo Moure encetan este ano unha nova viaxe de animación a defensa da natureza divulgando o valor da auga para o coidado de ríos, fontes, lagoas, fervezas e mares.

Vestidos de Xacios (personaxes máxicos de río, metade peixe, metade humanos) coa música do acordeón e arrastrando unha espectacular gamela de madeira rodante con vela e timón (na que se poden sentar e pasear as nenas e nenos) fan paradas en prazas e parques para contar e cantar historias que coidan a auga.

Contos de xacias, de homes peixe, contos de lontras, e polbiños, contos da chuvia e das fontes que divulgan a riqueza dos ecosistemas fluviais e marítimos propoñen hábitos para o seu coidado.

Duración: variable

Público: familiar

AS PARÁBOLAS DE PAKOLAS

“**As Parábolas de Pakolas**” chega da man de Paco Cerdeira como espectáculo de pequeno formato no que este, Pakolas, interpreta en directo unha escolla dos seus temas propios para público infantil, con **música** xirando en torno ao **rock** e outros estilos que entusiasman aos cativos e cativas, e con letras sempre axeitadas para os máis pequenos. O eixo fundamental radica na combinación das cancións coas historias e contos que nelas se recollen, cunha mensaxe final, e que forma así no conxunto, unha fermosa “parábola”

musical da que aprender e na que pensar.

Presenta así, nesta actividade, **un espectáculo musical de formato individual**, para público infantil e familiar, tocando a súa guitarra e interpretando cancións da súa autoría (A Gramola Gominola, Pakolas) formando parte estas das propostas musicais para público infantil.

Duración: 50-60 minutos

Público: infantil e familiar

BOU CATRINETA

Narración: Inacio Vilariño (e manipulación)

Formato: Narración oral e manipulación de obxectos

Bou Catrineta é un espectáculo de narración oral para público familiar no que o fío condutor é a Tía Lola, personaxe que inmortalizaron os Dezas de Moneixas nunha das súas mais famosas composicións. Nel mestúranse saberes tradicionais, refráns, cancións, contos populares e o romance histórico da Nao Catrineta para contar unha historia na que finalmente o demo sae escaldado.

Unha sesión moi participativa na que Inacio se apoia para contar estas historias na manipulación de elementos feitos con papel: unha cinta de Moebius para presentar as infinitas denominacións do demo, un cheque para o conto encadeado do burro da Tía Lola, a canción portuguesa Oh rama, que linda rama tocada cunha caixa de música que da pé a historia das lavadeiras asediadas polo demo, un recortable con dez rapazas para a canción de formula da Maturrangaina e unha balea e un barco feitos coa técnica da papiroflexia para o romance do Bou Catrineta.

Duración: 50 min

Público: familiar

CASARIÁNDONOS (Contos e xogos baseados na obra infantil de Carlos Casares)

O alumnado de 1.º de ESO do IES Carlos Casares de Vigo elaborou dous xogos baseados na obra infantil de Carlos Casares, o autor homenaxeado nas Letras Galegas.

O xogo do Leoncio está inspirado no famoso Xogo da Oca. Nesta ocasión os rapaces contarán o conto de *A galiña azul* e a continuación, todos os que queiran participar, poderán xogar e saltar de Leoncio en Leoncio dicindo “Leoncio co seu invento, lévame polo vento” ou de formiga a formiga dicindo “de esquiadora a valente por esforzarse constantemente”. Deberán ter coidado e non caer no matagaliñas de Manolito Listón, pois “se aquí cae, volve ao comezo coma un raio!”.

O segundo dos xogos está inspirado nos personaxes da obra infantil de Carlos Casares: Toribio e os seus famosos inventos, o can Rin, o lobo Crispín, Lolo e a súa bicicleta, o profesor Smith, o profesor Papafigovich, o profesor Pardau e as laranxas. Os rapaces do IES Carlos Casares contarán un conto que ten como protagonistas todos os personaxes anteriores e cantarán unha canción. A continuación, entre todos, montarán un quebracabezas xigante. Cando estea montado poderase ver o retrato de Carlos Casares Mouriño, seguindo a técnica do italiano Giuseppe Arcimboldo.

Duración: 1 h

Público: infantil (+4 anos)

COCOROCÓ . Espectáculo sobre Carlos Casares

É un berro de loita contra as inxustizas, é un canto que nos fai pensar, respectar e valorar á outra que é diferente a nós para defender a diversidade.

Narración: Raquel Queizás , narración oral e teatro actoral

'COCOROCÓ' é un espectáculo de narración oral no que se empregan obxectos, monicreques, debuxos e interacción co público. Pero...quen canta COCOROCÓ? Unha galiña, pero non unha galiña calquera, non, unha galiña azul. Sí, azul como o ceo, coma o noso mar, unha galiña diferente a todas as demais. Por iso é perseguida e quere matala Manolito Listón, o alcalde, porque él di que unha galiña que en vez de dicir cacaracá di cocorocó, que pon ovos de cores e ten cinco plumas vermellas na á dereita , "non é unha galiña como debe ser pero... Chsss! silencio, é mellor que o conte ela, a Galiña Azul.

Duración: 50 min

Público: familiar

EIRA XANDOBELEIRA

A "Eira Xandobeira" é unha ludoteca itinerante composta por unha colección de xogos para todas as idades elaborados artesanalmente e inspirados en xogos tradicionais de épocas e lugares diversos que sempre está lista para ir a onde for chamada e haxa ganas de xogar e de pasalo ben: xogos lingüísticos, de gran formato, de precisión, de lanzamento, de habilidade, de enxeño, de cooperación... Enredos simples e artesanais sen necesidade de pilas, plásticos ou luces de neón para xogar na nosa lingua.

Duración: 1 hora aprox.

Idades recomendadas: a partir de 4 anos

ESTRAFALARIA

Narración: Atenea García (Xarope Tulú)

Espectáculo que combina a narración oral coa manipulación de obxectos e no que o público participa activamente do relato.

Montaxe: 30 min

Desmontaxe: 15 min

Duración: 50 min

Público: familiar

FÁBULAS

Narración: Esteban Acuña. Tarabelos

Contacontos, máscaras e participación do público

Un conto sempre ten a necesidade de ser compartido. Por iso nace “Conta comigo, conto contigo” .

Imaxinades unha xuntanza de corvos vellos?. Corvos cheos de experiencias que contar, case sempre doutros animais...

Duración: 45 min

Idades recomendadas: a partir de 4 anos

Obradoiro de máscaras

Despois de coñecer as fábulas e xogar coas máscaras de Tarabelos no escenario, a través dos monicreques, as nenas e nenos que queiran poderán facer as súas propias máscaras cos personaxes destes contos.

Teremos dúas mesas de traballo onde con ceras, pinturas, rotuladores... poderemos pintar as máscaras en cartolina que xa teremos impresas. Pintar, recortar e montar nun pauciño a personaxe elixida por cada neno ou nena.

LIBRI TERRAE

Libri Terrae é un proxecto para animar á lectura dun xeito orixinal e diferente da man de catorce personaxe creados coa forma de distintos libros e que farán máis divertido e atractivo estes obradoiros e actividades.

Os libri son uns personaxes que viven en Libri Terrae, un mundo de fantasía onde todo ten a forma de libros. A súa vida discorre na produción de libros pero tamén no seu proceso de creación, no mundo das palabras, das letras e da imaxinación, compoñentes básicos de cada un dos libros.

Actividade

Xogos de presentación

↘ Contacontos ilustrado de Libri Terrae: “CONTANDO UN CONTO”

↘ Xincana con actividades de animación á lectura:

Cada “Libri” formulará unha proba aos/ás participantes relacionadas coa atención, a memoria, a coordinación, a lectura, a creatividade, a imaxinación, a concentración, a psicomotricidade, a expresión dramática... etc. Non serán probas competitivas.

Tipos de xogos: contos ao revés, as máscaras das emocións, músicos de conto, contos verdadeiros ou falsos, as cartas de sons, todos coa letra, o xogo dos dados, parellas de contos.

Xogos de vocabulario, dramatización, con monicreques, mímica... etc.

↘ Obradoiro de “miniconto”

↘ Regalo do teu personaxe favorito para lembrar a paixón pola lectura e os libros co logo do Concello de Vigo

Duración: 1 hora e media

Idades recomendadas: a partir de 4 anos

O CENSOR DE MONSTROS

Narración: Barafunda (Lolo)

Leda e o seu avó Cristovo, nos descubrirán os monstros e seres fantásticos que habitan na Galicia. Unha viaxe inesquecible pola nosa terra meiga, onde coñeceredes de primeira man as personaxes mitolóxicas que aínda viven entres nós. Vivirá algún preto de ti e non o sabes?

Duración: 50 minutos

Público: familiar

O RECENDO DOS CONTOS

Alumnado do CIOV-Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo

Os contos teñen aroma a medo, a amor ou poden cheirar a animais, a flores, a verán.

Algúns gardan o recendo do mar ou das fragas; outros tráennos o cheiro de tempos remotos ou de terras recónditas e afastadas.
Ven descubrir o recendo dos contos!

Duración: 45 min. aproximadamente

Público: familiar

O TRAXE NOVO DO REI

Un libro, un olor, un conto... Un traxe especial, para un rei especial. O traxe novo prometía ser un capricho inigualable e unha ferramenta perfecta para saber o nivel de intelixencia dos habitantes da corte. Pero, sería certo?, funcionaría?; dalgún xeito si, pero non como el agardaba.

Esteban Acuña, de Tarabelos, porá en marcha este conto tradicional de **Andersen**, que aquí se representará con monicreques de man e de mesa, xunto con miniaturas.

Obradoiro

Despois de coñecer este conto a través dos monicreques, as nenas e nenos que queiran poderán facer as súas propias máscaras cos personaxes destes contos.

Teremos dúas mesas de traballo onde con ceras, pinturas, rotuladores...poderemos pintar as máscaras en cartolina que xa teremos impresas. Pintar, recortar e montar nun pauciño a personaxe elixida por cada neno ou nena.

Duración: 45 min

Idades recomendadas: a partir de 4 anos

PERDIDOS

AZ Lingua de signos

Idioma: galego e lingua de signos

Música en directo. A parte musical está adaptada para o público xordo

Baseado no conto de Oliver Jeffers

Un día calquera a vida de Neno, un rapaz de 11 anos, dá un xiro inesperado ao coñecer a Pingüin, un singular e tímido animal co que terá que aprender a comunicarse se o quere

axudar a regresar ao seu lar pero... De onde veñen os pingüins?

Duración aproximada: 35 min

Público: familiar

SABELA E O PAXARO MÁXICO

Narración: Esteban Acuña. Tarabelos

Monicreques de luva e vara

Adaptación con monicreques dun conto popular galego, que mostra as penurias dunha pobre nena que habita nun precioso castelo nas terras galegas, onde ten que amolar coa xefa que ten... Un paxariño fantástico que sempre está disposto a axudala, un mago malvado, un ogro cheirento...

Aínda que este conto da Compañía Tarabelos cheira a princesas, Sabela non o é. Espectáculo de monicreques para, que desde ben novos, os cativos aprendan a rachar con estereotipos.

A seguir haberá un obradoiro: "Pinta nos contos"

Despois de coñecer a historia de Sabela a través do espectáculo de monicreques as nenas e nenos do público que queiran poden seguir xogando co conto, imaxinando e pintando os seus personaxes e escenarios. Todos os nenos e nenas poderán pintar, de forma libre, e coa compañía do contacontos os personaxes tal como a eles e elas lles gustaría que fosen e faremos tres grandes cadros.

Tamén está a posibilidade de poñer papel nos paneis e pintar con ceras para que o resultado do traballo poida gardarse ou aproveitarse para expoñer nun local veciñal, de comerciantes, etc.

Duración: 45 min

Público: familiar